



Viñeta de *A conta atrás*. // **Sergi San Julián**

A seis anos do barco

BD Portela e San Julián narran en *flashback* a catástrofe do *Prestige*

Coincidindo co Viñetas dende o Atlántico, chegaba ás librerías o primeiro volume d'*A conta atrás*, agardada novela gráfica do selo Factoría K, editores do fecundio binomio entre Carlos Portela ás letras e Sergi San Julián aos lápis. A obra ten como tema central a catástrofe do petroleiro *Prestige* con todo o acontecer político e social que a rodeou e iso é o primeiro feito que sorprende deste traballo. No seu momento, o barco foi forzado obxecto de inspiración para moitos creadores galegos, que vían na súa arte a mellor maneira de expresar a

A conta atrás.

Parte I ·

Carlos Portela (texto),

Sergi San Julián

(ilustracións) ·

Factoría K, 2008 ·

96 páx · 15 euros



rabia que por aqueles días lles fura- ba o peito. Pero é só agora, despois de varios anos, que comezan a aparecer obras concretas, exentas da urxencia daquelas primeiras, nadas da experiencia daquel acontecemen- to. Hai na novela, na poesía e mes-

mo no audiovisual exemplos varios que non vén ao caso citar aquí, pero é a proposta de Portela e San Julián unha das máis novas por escoller a historieta como modo de expresión e, sobre todo, polo modo narrativo a través do cal se presentan uns acontecementos xa por todos coñecidos. Portela decántase por unha narración en *flashback* que arranca un ano despois do naufragio e que nos vai levando cara a el. O fío condutor desta trama iníciase na campaña de publicidade que o goberno prepara para lavar a cara ás praias afectadas polo vertido, e a través dela imos coñe-

cendo personaxes de orixe e posición diversa. Como se pode ler na entrevista aos autores que acompaña este volume –realizada por Álvaro Pons–, a escolla deste método narrativo pretende servir como ferramenta para a análise das causas do acontecido. En certa maneira, esa pretensión conséguese por ese medio, mais tamén ao mostrar un elenco de personaxes representantes das múltiples caras que a sociedade galega amosou. E digo “galega” porque o escenario é un traxunto do noso país, aínda que os autores deciden darlle validez universal creando a vila de Cadelas, ese lugar

ficticio que pode ser calquera terra de costa á que vaian bater petroleiros en condicións semellantes.

Este primeiro volume ábrese coa presentación de dous personaxes claves, e que nos dan xa de entrada unha idea da análise total que o libro propón, pois trátase do candidato a vicepresidente e a xornalista televisiva coa que se deita. Esta escolla, nada inocente, pon de relevo a importancia dos axentes políticos e mediáticos, que camiñan distanciados do pobo de a pé, representado nos habitantes da vila afectada, entre os que a historia do mariñeiro Emilio ten un peso especial. Sen emitir xuízo algún, e deixando que sexa o lector o que se defina, Portela apunta trazos importantes a reflexionar: a xestión das axudas económicas, a situación de desemprego, o desencanto político, o compromiso social... O elenco aínda se verá completado con ricos personaxes secundarios e máis adiante, atoparemos tamén a figura do voluntario. Con este panorama, é realmente difícil non verse reflectido nalgún dos personaxes do cómic, malia que haberá que agardar ao segundo volume para saber como se completa esa fotografía social que pretende *A conta atrás*.

Para finalizar hai que agradecerlle a San Julián o seu debuxo de trazo limpo, a maneira elegante en que encadea as imaxes de peche e apertura dos capítulos e o expresivo uso da cor que oscila entre os azuis e os grises dun día invernal continuo. Ambos autores son unha parella perfecta que conseguen que lendo o cómic nos preguntemos se as cousas serían diferentes na realidade se tamén ocorresen así, do fin ao principio. Cambiaría o conto con todo o que agora sabemos? // **María Lado**